

Axudas da Xunta 2026 para Autónomos

2026-02-06

A Xunta acaba de publicar varias liñas de subvencións pensadas para apoiar o inicio, consolidación e continuidade da actividade autónoma en Galicia. Destacamos as principais:

1□□ Promoción do Emprego Autónomo

Para altas como autónomo/a dende o 01/10/2025.

□ Axudas entre 2.000 € e 7.000 €, segundo o perfil da persoa solicitante (menores de 30 anos, maiores de 52, parados de longa duración, discapacidade, risco de exclusión, persoas estranxeiras, retornadas...).

Inclúe tamén apoio para o custo da cota autónoma durante 12 ou 24 meses.

2□□ Bono Autónomos

Para autónomos/as (tamén societarios/as) con:

- 42 meses de antigüidade,
 - Facturación anual > 12.000 €,
 - Rendemento neto < 50.000 €.
- Subvenciona o 60 % dos investimentos, cun máximo de 7.000 €.

3□□ Bono Relevo

Para cambios de titularidade cando a persoa titular orixinal teña máis de 62 anos ou unha incapacidade.

□ Subvención do 70 % ou 75 % dos gastos, cun máximo de 30.000 €.

4□□ Bono Nova Oportunidade

Para profesionais que xa estiveron dados de alta como autónomos e que se queiran dar de alta de novo a partir do 01/10/2025.

Inclúe axudas específicas para reemprender a actividade.

5□□ Autoemprego para Emigrantes Retornados

Persoas galegas que regresen e se dean de alta como autónomos/as.

□ Axuda base de 6.000 €, ampliable segundo circunstancias persoais.

□ Se está interesado/a, contacte connosco. Informarémolo/a das condicións, compatibilidades e importe que podería recibir no seu caso.